

## I. DISPOSICIONES XERAIS

### MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

- 2359** *Real decreto 96/2014, do 14 de febreiro, polo que se modifican os reais decretos 1027/2011, do 15 de xullo, polo que se establece o Marco español de cualificacións para a educación superior (MECES), e 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.*

O establecemento do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) comportou a renovación completa dos estudos universitarios en España, que agora se estruturan nos tres niveis diferenciados de grao, máster e doutoramento. Nesa reestruturación o noso país optou, a diferenza da maioría dos Estados europeos, por un modelo de graos de 240 créditos ECTS, que poderán ser seguidos de estudos de máster de entre 60 e 120 créditos ECTS de duración. Porén, algúns graos universitarios, por exixencias das directrices europeas aplicables, teñen unha extensión superior. É o caso dos estudos de medicina e doutras titulacións, xeralmente no ámbito das ciencias da saúde, que dan acceso a profesións reguladas. A exixencia de que estes títulos habiliten para unha profesión comporta, en ocasións, a adquisición de competencias de nivel de máster, e permite o acceso aos estudos de doutoramento, ben directamente, ben mediante a superación duns complementos de formación.

O propósito da presente reforma é instrumentar un sistema de adscrición da especificidade deses estudos universitarios cando se trate de titulacións cualificadas por comprender suficientes créditos de nivel de máster. Esta medida facilitará a circulación no estranxeiro dos egresados de universidades españolas neste tipo de graos de especial cualificación.

O instrumento idóneo para canalizar esta adscrición é o Marco español de cualificacións para a educación superior (MECES), regulado no Real decreto 1027/2011, do 15 de xullo, polo que se establece en Marco español de cualificacións para a educación superior (MECES), cuxa finalidade é permitir a clasificación, comparabilidade e transparencia das cualificacións da educación superior no sistema educativo español, sobre todo para facelo comprensible fronte a outros sistemas educativos. Os catro niveis en que se estrutura o MECES dan así cabida ás ensinanzas que constitúen a educación superior no noso país, as cales quedan adscritas a cada un destes niveis en función das súas exixencias de aprendizaxe. É dicir, son os resultados de aprendizaxe que caracterizan as cualificacións obtidas os que determinan a súa vinculación a un dos niveis do marco de cualificacións.

Actualmente os catro niveis están definidos de tal maneira que o nivel de técnico superior se constitúe no nivel 1, o de grao no nivel 2, o de máster no nivel 3 e o de doutor no nivel 4. Porén, é evidente que hai títulos de grao que superan o limiar dos 240 créditos ECTS mínimos exixidos en España con carácter xeral para estes estudos e que, no caso de conteren ao menos 60 ECTS de nivel de máster, poderían aspirar á cualificación de nivel 3. Son títulos cuxa definición dos seus plans de estudo e competencias implican a consecución de resultados de aprendizaxe que caracterizan as cualificacións deste nivel 3. Ademais, comparten cos títulos vinculados a este nivel os efectos de acceso directo aos títulos ou cualificacións do nivel 4 superior, tal como prevé hoxe o artigo 6.2.b) do Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento.

Non se trata, por tanto, de dar unha dobre titulación de grao e de máster a quen supere unha titulación de maior extensión –cuestión que non permite o noso ordenamento

xurídico–, senón de recoñecer que determinadas titulacións académicas proporcionan un nivel de cualificación profesional específico, distinto daquel ao cal nominalmente evocan.

A adopción desta medida comporta, en primeiro lugar, a modificación do anexo do Real decreto 1027/2011, do 15 de xullo, no sentido de incluír, na táboa de cualificacións, a adscrición ao nivel 3 (máster), do título de grao de ao menos 300 créditos ECTS que comprenda ao menos 60 créditos ECTS de nivel de máster e que obtivese este nivel de cualificación mediante resolución do Consello de Universidades, xunto cos títulos de máster universitario e de máster en Ensinanzas Artísticas.

Desta modificación deriva a necesidade de reformar, en segundo lugar, o Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, para incorporar no articulado a posibilidade de que unha titulación de grao poida obter a adscrición a este nivel de cualificación 3. Como complemento indispensable, introdúcese unha disposición adicional que contén o procedemento que hai que seguir para alcanzar a citada cualificación, no cal se debe garantir o cumprimento dos requisitos citados anteriormente.

Finalmente, aprovéitase a modificación do anexo do mencionado Real decreto 1027/2011, do 15 de xullo, para dar cumprimento á xurisprudencia asentada pola Sala 3.<sup>a</sup> do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo en numerosas sentenzas que anulan os artigos 7.1, 8, 11, 12 e a disposición adicional sétima do Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro, polo que se establece a ordenación das Ensinanzas Artísticas Superiores reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. En consecuencia, substitúese a alusión no anexo ao «Título de graduado das Ensinanzas Artísticas Superiores» pola de «Título superior das Ensinanzas Artísticas Superiores».

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas no seo da Conferencia Xeral de Política Universitaria, e emitiron informe o Consello de Universidades, o Consello Superior de Ensinanzas Artísticas, o Consello Xeral da Formación Profesional e o Consello Escolar do Estado.

Así mesmo, deuse trámite de audiencia ás corporacións profesionais afectadas polo contido da disposición.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación, Cultura e Deporte, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 14 de febreiro de 2014,

#### DISPOÑO:

**Artigo primeiro.** *Modificación do Real decreto 1027/2011, do 15 de xullo, polo que se establece o Marco español de cualificacións para a educación superior (MECES).*

O Real decreto 1027/2011, do 15 de xullo, polo que se establece o Marco español de cualificacións para a educación superior (MECES), queda modificado da seguinte forma:

Un. Engádesse un número 4 ao artigo 7, co seguinte contido:

«4. Os títulos de grao que por exixencias de normativa da Unión Europea sexan de ao menos 300 créditos ECTS, sempre que comprendan un mínimo de 60 créditos ECTS que participen das características propias dos descritores do número 2 deste precepto, poderán obter a adscrición ao nivel 3 (máster) regulado neste real decreto. A normativa sobre ordenación das ensinanzas universitarias oficiais establecerá o procedemento que hai que seguir para obter esa adscrición.»

Dous. Modifícase o anexo, que queda redactado nos seguintes termos:

	«Niveis	Cualificacións
1	Técnico superior.	Técnico superior de formación profesional <sup>1</sup> . Técnico superior de Artes Plásticas e Deseño <sup>2</sup> . Técnico deportivo superior <sup>3</sup> .
2	Grao.	Título de graduado <sup>4</sup> . Título superior das Ensinanzas Artísticas Superiores <sup>5</sup> .
3	Máster.	Título de máster universitario <sup>6</sup> . Título de máster en Ensinanzas Artísticas <sup>7</sup> . Título de graduado de ao menos 300 créditos ECTS que comprenda ao menos 60 créditos ECTS de nivel de máster, que obtivese este nivel de cualificación mediante resolución do Consello de Universidades <sup>8</sup> .
4	Doutor.	Título de doutor <sup>9</sup> .

<sup>1</sup> De acordo co Real decreto 1147/2011, do 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo.

<sup>2</sup> De acordo co Real decreto 596/2007, do 4 de maio, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas profesionais de Artes Plásticas e Deseño.

<sup>3</sup> De acordo co Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas deportivas de réxime especial.

<sup>4</sup> De acordo co Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, coas súas correspondentes modificacións.

<sup>5</sup> De acordo co Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro, polo que se establece a ordenación das Ensinanzas Artísticas Superiores reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

<sup>6</sup> De acordo co Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, modificado polo Real decreto 861/2010, do 2 de xullo.

<sup>7</sup> De acordo co Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro, polo que se establece a ordenación das Ensinanzas Artísticas Superiores reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

<sup>8</sup> De acordo co Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, modificado polo Real decreto 861/2010, do 2 de xullo.

<sup>9</sup> De acordo co Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, coas súas correspondentes modificacións.»

**Artigo segundo.** *Modificación do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.*

O Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, queda modificado da seguinte maneira:

Un. Engádesse un número 10 ao artigo 12 co seguinte contido:

«10. Os títulos de grao que por exigencias de normativa da Unión Europea sexan de ao menos 300 créditos ECTS, dos cales un mínimo de 60 participen das características propias dos descritores correspondentes ao nivel de máster, poderán obter a adscrición ao nivel 3 (máster) do MECES. Para tal efecto deberanse someter ao procedemento previsto na disposición adicional décimo cuarta do presente real decreto.»

Dous. Renumérase a disposición adicional décimo cuarta como décimo terceira e engádesse unha nova disposición adicional décimo cuarta, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo cuarta. *Adscrición ao nivel 3 (máster) do MECES de determinados títulos de grao.*

Os títulos de grao de ao menos 300 créditos ECTS que comprendan un mínimo de 60 créditos ECTS de nivel de máster poderán obter a adscrición ao nivel 3 (máster) do MECES mediante resolución do Consello de Universidades.

As universidades que pretendan a citada adscrición dos seus títulos deberán presentar a correspondente solicitude ao Consello de Universidades a través da Secretaría do dito órgano para a súa tramitación.

O Consello de Universidades adoptará, no prazo de 6 meses, a oportuna resolución tras a comprobación do cumprimento das condicións requiridas para

alcanzar a referida adscrición, logo do informe favorable da ANECA ou das axencias autonómicas con competencia para a verificación de títulos oficiais. En caso de falta de resolución e notificación en prazo, entenderase desestimada a solicitude presentada.

Das resolucións do Consello de Universidades darase traslado ao Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUT) a que se refire o Real decreto 1509/2008, do 15 de setembro, para os efectos da súa constancia nel.

Unha vez obtida a adscrición ao nivel 3 (máster) do MECES, esta terá efectos para todos os graduados da titulación co plan de estudos avaliado, con independencia da data de terminación dos seus estudos, salvo que para a súa obtención se tivesen que realizar modificacións no plan de estudos, caso en que só será aplicable aos graduados con posterioridade a tal obtención.

Cando as modificacións introducidas nun título de grao adscrito ao nivel 3 do MECES comporten a perda dalgunha das condicións necesarias para a adscrición a este nivel, a ANECA ou a axencia competente para a súa tramitación fará constar esta circunstancia no seu informe de avaliación co fin de que o Consello de Universidades decida sobre a revogación do dito recoñecemento e, se for o caso, dea o correspondente traslado ao RUT.

Contra as resolucións do Consello de Universidades nesta materia poderase interpor a reclamación prevista no número 9 do artigo 25.»

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 14 de febreiro de 2014.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Educación, Cultura e Deporte,  
JOSÉ IGNACIO WERT ORTEGA